



Concello de
San Cibrao
das Viñas

Praza da Constitución nº1
San Cibrao das Viñas
32911 Ourense

web: www.sancibrao.es
mail: info@sancibrao.es
tlf: 988381034 fax: 988381101

PROGRAMA “BENESTAR EN BALNEARIOS 2017”

Ábrese o prazo para a presentación de instancias **ATA O DÍA 17 DE ABRIL de 2017** para as quedas do Programa Benestar en Balnearios que oferta a Xunta de Galicia para o ano 2017. (DOG Nº 53, de 16 de marzo de 2017)



REQUISITOS:

- 1º - Ser maior de 60 anos, ou de 55 reunindo a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións
- 2º - Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3º - Valerse por si mesmo e estar en condicións de participar no programa, ágás no caso de fillo/as ou persoas tuteladas que acudan en calidade de acompañantes.
- 4º - Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- 5º - Carecer de contraindicación médica para recepción dos tratamentos termais.

- A persoa solicitante poderá ir acompañada de:
 - O seu conxúxe ou persoa con análoga relación de convivencia sempre que cumpran os requisitos anteriormente citados excepto o sinalado no nº 1.
 - Os fillos/as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% sempre que non necesite apoio de terceira persoa, se poida desprazar con autonomía, comparta cuarto cos proxenitores e cumpran os requisitos anteriores, excepto o sinalado no nº 1.
 - Unha persoa coa cal desexa participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Solicitude (anexo I e anexo II e III, cando proceda). Dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>
- Copia compulsada do pasaporte, se procede, da persoa solicitante e se fose o caso á que a acompaña
- Copia do libro de familia da persoa solicitante no caso de que queira acudir acompañada dun fillo/a con discapacidade.
- Certificado do grao de discapacidade do fillo/a do solicitante de non ser expedido pola Xunta de Galicia ou non estivese no poder desta.
- Certificado das pensións non outorgadas polo INSS nin pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante e da acompañante, se fora o caso.

O ALCALDE



San Cibrao das Viñas, 20 de marzo de 2017